

Oficinas de Atención ao Cidadán e Asistencia á Víctima



Guía en lectura
fácil

Índice

Que fan as oficinas de Atención ao Cidadán e Asistencia á Vítima?.....Páxina 4

Quen pode pedir información nas oficinas de Atención ao Cidadán e Asistencia á Vítima?..... Páxina 4

Como te van a atender nas oficinas de Atención ao Cidadán e Asistencia á Vítima?..... Páxina 5

Como podes pedir información nestas oficinas?.....Páxina 6

Que información che dan nas oficinas de Atención ao Cidadán e Asistencia á Vítima?..... Páxina 8

Onde están as oficinas

de Atención ao Cidadán e Asistencia á Víctima?Páxina 12

- A Coruña
- Santiago
- Ferrol
- Lugo
- Ourense
- Vigo
- Pontevedra

Outros servizos que dan información e axuda

ás persoas vítimas dun delitoPáxina 16

Que fan as oficinas de Atención ao Cidadán e Asistencia á Víctima?

As oficinas de Atención ao Cidadán e Asistencia á Víctima dan información e axuda gratis

ás persoas vítimas de delitos ou as súas familias.

Un delito é un acto en contra da lei:

por exemplo roubar ou facer dano a outra persoa.

Quen pode pedir información nas oficinas de Atención ao Cidadán e Asistencia á Víctima?

Calquera persoa vítima dun delito pode pedir información e axuda nestas oficinas.

Os familiares dunha persoa vítima dun delito tamén o poden facer.

Podes pedir axuda e información antes ou despois de presentar unha denuncia.

Unha denuncia é un documento no que informas á policía ou a un xulgado dun delito.

Tamén podes pedir axuda e información cando non queres presentar unha denuncia ou cando non sabes quen cometeu o delito.

Como te van a atender

nas oficinas de Atención ao Cidadán e Asistencia á Vítima?

O persoal das oficinas trátate con respecto

e igual ca ao resto das persoas.

Tamén che dan a información e a axuda que necesitas.

Toda a información que contes ao persoal das oficinas

é confidencial.

Isto significa que o persoal das oficinas

non pode contar a outras persoas

o que ti lle contes.

Nas oficina podes ter un intérprete

ou unha persoa que che axude a comunicarte

se o necesitas.

Podes ir ás oficinas acompañado ou acompañada


pola persoa que ti queiras.

O persoal das oficinas acompañarache ao xulgado


se o necesitas.

Como podes pedir información nestas oficinas?

Podes pedir información e axuda nas oficinas de Atención ao Cidadán e Asistencia á Vítima de diferentes formas:



Podes ir a unha das oficinas



Podes enviar un correo electrónico



Podes chamar por teléfono



Podes enviar un fax



Podes enviar unha carta a unha das oficinas.



Recorda!

Calquera persoa vítima dun delito

pode pedir información e axuda nestas oficinas.

Que información che dan

nas oficinas de Atención ao Cidadán e Asistencia á Vítima?

Algunhas vítimas teñen dereito a máis protección:

por exemplo, as persoas de menos de 18 anos

e algunhas persoas con discapacidade.

Nas oficinas de Atención ao Cidadán e Asistencia á Vítima

infórmanche dos dereitos das vítimas de delitos.

Algúns destes dereitos son:

- Tes dereito a contratar un avogado ou avogada para defender os teus dereitos na investigación e no xuízo do delito que che afecta.
- Tes dereito a un intérprete gratis no xulgado se ti es doutro país ou non entendes o idioma.

- Algunhas vítimas teñen dereito a un avogado ou avogada de oficio.
A Xunta de Galicia paga a esta avogada ou avogado.
Nestas oficinas infórmanche de se ti tes dereito a este avogado ou avogada de oficio.
- Tes dereito a presentar todas as probas que teñas do delito que che afecta.
- Tes dereito a ir ao xulgado so cando é necesario.
O persoal do xulgado debe chamarte o menor número de veces para recoller información sobre o teu caso.
- Tes dereito a pedir ao xulgado que che envíe información ao teu correo electrónico.
Nestas oficinas infórmanche da información que podes recibir do xulgado.
- Tes dereito a non ver no xulgado á persoa acusada do delito que che afecta.

- Tes dereito a presentar unha reclamación ante o xulgado se o xuíz decide deter a investigación ou o xuízo do delito que che afecta.
Tamén podes presentar esta reclamación se non contrataches un avogado ou avogada para defender os teus dereitos.
- Tes dereito a saber o traballo que está a facer o xulgado sobre o teu caso.
Tamén tes dereito a saber a data, a hora e o lugar do xuízo do delito que che afecta.
- Algunhas vítimas teñen dereito a pedir que a persoa acusada lle pague cartos polo dano que provocou.
Nestas oficinas infórmanche de se tes este dereito.
- Algunhas vítimas teñen dereito a unha axuda económica da administración.
Nestas oficinas infórmanche de se ti tes este dereito.



Recorda!

Nas oficinas de Atención ao Cidadán e Asistencia á Víctima
infórmanche dos teus dereitos.

Onde están as oficinas

de Atención ao Cidadán e Asistencia á Víctima?

Podes pedir información e axuda en calquera oficina de Atención ao Cidadán e Asistencia á Víctima.

En Galicia temos oficinas

de Atención ao Cidadán e Asistencia á Víctima

en 7 cidades galegas:

A Coruña

Enderezo: Rúa Monforte. Edificio Novos Xulgados.

Código postal 15071. A Coruña.

Teléfono: 881 88 11 32.

Fax: 981 18 21 79.

Correo electrónico: cidadan.vitimas.coruna@xustiza.gal

Santiago de Compostela

Enderezo: Rúa Viena, 1. Polígono Fontiñas.

Código postal 15703. Santiago de Compostela.

Teléfono: 981 54 03 58.

Fax: 881 99 71 18.

Correo electrónico: cidadan.vitimas.santiago@xustiza.gal

Ferrol

Enderezo: Rúa A Coruña, 55 baixo.

Código postal 15401. Ferrol.

Teléfono: 981 33 75 20.

Fax: 981 33 73 39.

Correo electrónico: ciudadan.vitimas.ferrol@xustiza.gal

Lugo

Enderezo: Rúa Armando Durán, sen número.

Código postal 27071. Lugo.

Teléfono: 982 88 90 63.

Fax: 982 88 90 64.

Correo electrónico: ciudadan.vitimas.lugo@xustiza.gal

Ourense

Enderezo: Rúa Velázquez, sen número.

Código postal 32002. Ourense.

Teléfono: 988 68 71 86.

Fax: 988 68 71 88.

Correo electrónico: ciudadan.vitimas.ourense@xustiza.gal

Pontevedra

Enderezo: Avenida Francisco Tomás y Valiente.

Edificio xulgados A Parda.

Código postal 36071. Pontevedra.

Teléfonos: 886 20 64 09.

986 80 59 92.

986 80 59 08.

Fax: 986 80 59 08.

Correo electrónico: ciudadan.vitimas.pontevedra@xustiza.gal

Vigo

Enderezo: Rúa Lalín, 4. Edificio novo de Xulgados.

Código postal 36209. Vigo.

Teléfonos: 986 81 78 51.

886 21 84 34.

Fax: 986 81 78 50.

Correo electrónico: ciudadan.vitimas.vigo@xustiza.gal



Imaxe dunha oficina de asistencia á vítima.

Outros servizos que dan información e axuda ás vítimas de delitos:

■ Policía Nacional:

- Nas comisarias da Policía Nacional.
- No teléfono **091**.

■ Garda Civil:

- Nos postos da Garda Civil.
- No teléfono **062**.

■ Teléfono de emerxencias **112**.

■ Teléfono de atención a vítimas de malos tratos **016**.

■ Teléfono de atención e axuda á infancia **11 61 11**.

Equipos de atención ao menor da Xunta de Galicia:

En Galicia temos 4 equipos
que traballan axudando ás persoas menores de 18 anos.

A Coruña:

Teléfono: 981 18 57 43.

Lugo:

Teléfono: 982 29 48 79.

Ourense:

Teléfono: 988 38 61 29.

Vigo:

Teléfono: 986 81 77 91.

Colexios de avogados e avogadas:

Nos colexios de avogados podes pedir información sobre as avogadas e avogados de oficio.

En Galicia temos colexios de avogados e avogadas en 7 cidades galegas:

Colexio de avogados de A Coruña.

Dirección: Rúa Federico Tapia, 11 baixo.

Teléfono: 981 12 60 90.

Colexio de avogados de Ferrol.

Dirección: Pazo de Xustiza.

Rúa da Coruña, 60-62 baixo.

Teléfono: 981 35 47 05.

Colexio de avogados de Santiago de Compostela.

Dirección: Rúa Eduardo Pondal, 4 baixo.

Teléfono: 981 58 17 13.

Colexio de avogados de Lugo.

Dirección: Rúa Pascual Veiga, 2.

Teléfonos: 982 24 10 07.

982 22 19 97.

Colexio de avogados de Ourense.

Dirección: Rúa Concejo, 22.

Teléfono: 988 21 00 76.

Colexio de avogados de Pontevedra.

Dirección: Rúa Raíña Victoria, 9.

Teléfono: 986 89 68 66.

Colexio de avogados de Vigo.

Dirección: Edificio Plaza de América, portal 2, piso primeiro.

Teléfonos: 986 20 81 11.

986 20 82 00.

Adaptación e validación realizada por FADEMGA Plena inclusión Galicia.

Texto redactado e validado seguindo as pautas de lectura fácil
de Inclusion Europe e a norma UNE 153101 EX.

Validación realizada por persoas con discapacidade intelectual membros do
equipo de validación de FADEMGA Plena inclusión Galicia.

Logotipo europeo de lectura fácil na portada ©Inclusion Europe.

Máis información en <https://www.inclusion-europe.eu/easy-to-read/>



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

FADEMGA

 **Plena
inclusión**
Galicia